

O NOME DE NERGA E A SÚA PRAIA

César Varela

A parroquia do HÍO é abondosa de boas praias, cadansúa co seu particular encanto, pero a maior e máis espectacular é sen ningunha dúbida a de NERGA.

Nunca soubemos que houbera unha explicación sobre a orixe do seu nome, e a que imos dar aquí vén de esguello dunha interpretación que fixemos do nome dunha amiga luguesa que se apelida NEGRO.

Sostiñamos daquela que o xeito no que se designaron no noso pobo ás persoas e ás cousas escuras foi MOURO ou PRETO, e aínda aparecen estes termos nos xeitos de chamar da nosa xente, iso si, castelanizados en "MORO" ou "PRIETO".

O San Benitiño Preto, no Ribeiro, fai alusión, sen dúbida, ás súas escuras roupaxes.

Nós procuramos a orixe dese apelido nos recuados tempos medievais, que é cando se comezaron a asentarse os apelidos que aínda hoxe lucimos.

Sábese, que na formación social do pobo medieval, ao par dos labregos desposuídos de terra e propiedades, íanse formando unhas clases sociais de xentes que recibían os nomes de :

Xugadeiros, pois dispuñan dunha xugada de bois (coma quen di hoxe, un tractor!); **Monteiros**, co usufruto do "foro de montaría", que os habilitaba para dispor dos montes para a caza; **Cabaleiros**, coa súa montura e armas; **Escudeiros** e **Porteiros**, empregados do Rei; **Besteiros**, ou entendidos no tiro con bésta, . . . e máis por aí.

Non é casual que os apelidos de: Besteiro, Porteiro, Escudeiro, Cabaleiro ou Monteiro, que serviron para nomear ás familias máis fidalgas galegas, hoxe incen no noso país, aínda que ás veces desfigurados pola "castrapización ritual".

Todos estes sectores sociais que xurdiron das clases de labregos desposuídos aspiraban a usar o tratamento de "Don" como forma de ascenso social. Eran os chamados **DONEGOS**, ou sexa, en latín os "**Dominicus**", coma quen di, os señores.

Desta palabra, e a través do latín **DOMINÉRICO**, xurde o adxectivo **DONERGO**, e aquí xa estamos en condición de entender o que debeu acontecer para chegar ao apelido da miña amiga luguesa.

As cousas puideron acontecer así:

Un devanceiro da nosa amiga chamaríase, poñamos por caso, "Lourenzo Donergo"; co paso do tempo houbo unha confusión entre o "Do-" inicial e a contracción "do", e así pasou a ser nomeado como "Lourenzo do Nergo"; a contracción "do" suprimíuse por resultar galega de máis e ficou en "Lorenzo Nergo". Este "Nergo" foi entendido polo escribán como unha falta de ortografía de "Negro" e a partires de aí xa se fixou definitivamente o nome de "Lorenzo Negro", que foi o que herdou a miña amiga da Terra Cha.

A esta altura do raciocinio, xa entenderedes de onde estamos supondo que procede o nome da praia do Morrazo.

Estariamos diante dunha aldea ou praia que levase o adxectivo de DOMINERICA, ou sexa, DONERGA, facendo alusión á que era propiedade dun señor ou DOMINUS, se cadra o mesmo que lle dá o nome a DONÓN (DOMINUM), ou tamén, dando a entender que era "señorial", é dicir, moi grande.

Pensemos que a COVADONGA (DOMINICA) asturiana, debe facer alusión á súa grande dimensión.

Tamén sospeitamos que a andaluza Cueva de Nerja debe o seu nome ao enorme espazo que ocupa.

Os pasos para chegar ao NERGA de hoxe, foron semellantes aos explicados antes, imos ver:

Praia Dominérica > Praia Donerga > Praia do Nerga > Praia de Nerga, como actualmente a chamamos.

Algo semellante debeu ocorrer nunha famosa avenida coruñesa:

Ronda Donelle > Ronda do Nelle > Ronda de Nelle; e ninguén sabe que raios significa ese Nelle de hoxe, ao ser esgazado do Donelle (Dominiculi) primordial.

Velaí pois, a conclusión á que chegamos, non exenta de dúbidas.

O nome de NERGA sería o sufixo dunha palabra máis complexa (DONERGA), que faría alusión á súa condición señorial ou o que non temos claro abondo é, se esa alusión se debe a ser posesión do señor feudal (O DONÓN), ou pola contra da a entender o seu grande tamaño entre as praias da contorna.

Despois de considerar a orixe do nome de Nerga podemos, de esguello, desentrañar o significado do nome da praia de Mendiña.

Chega con comparar os adxectivos "grande" e "miúdo" como se usaban na antigüidade e como aínda se usan en portugués nas duplas : graúdo = grande e miúdo = mendo,

Esa mesma idea mírase cando se fala do dedo "mamiño" ou "mendiño ", como o de menor cumprimento.

Así a praia "MENDUNINIA" daría na praia MENDUIÑA, ou sexa, pequeniña en comparanza coa praia DONERGA ou de enorme extensión.

(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas 2010)